

Adaptación da Programación Didáctica. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE PRÉSARAS

CURSO: 1º-2º-3º-4º-5º-6º de Educación Primaria

MATERIA: Área EDUCACIÓN ARTÍSTICA: Materia de MÚSICA

DATA: Adaptación correspondente á 3ª Avaliación

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Criterios de Avaliación, Estándares de aprendizaxe e Competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Criterios de Avaliación, Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

CURSO	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CC
1º	B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	CECC CAA CD
	B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
	B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos,	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados manipulando materiais como fonte de son. EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CCEC CMCCT CAA CSC
	B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCCT
	B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC
2º	B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.	CCE CAA CD
	B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaaas coas súas obras.	CSC CCEC CAA
	B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos e clasifícaos por familias.	CCEC
	B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CMCCT CCEC CSC CAA

	B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC
	B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC
3º	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	CCEC CAA
	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.	CCEC CAA
	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente	CCEC CAA
	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CCEC CAA
4º	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
	B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos EMB1.4.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC CAA CSIEE CD
	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical,	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	CCEC CAA CSC

	así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora	EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.	
	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA CSIEE
	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT
5º	B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito9 artístico musical. EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	CCL CCEC CSC
	B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CCEC CAA
	B2.1. Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.3 Interpretar pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar.	CCEC CAA
	B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.	EMB3.1.1. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT
6º	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.	CEC CCL CAA
	B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou	EMB2.2.4. Interpretar pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CAA CCEC

	instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección	EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.	
	2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CD CCEC
	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.	CAA CCEC CSC

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none">• Avaliación continua sobre as producións e participación dos alumnos e alumnas.• Probas específicas.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">• Probas deseñadas para este tempo a realizar en AV.• Probas deseñadas neste tempo a realizar no caderno ou ordenador e devolver por medios telemáticos.• Preguntas orais online.• Actividades propostas na AV.• Actividades realizadas no caderno, devoltas por medios telemáticos.
Cualificación final	<p>Con carácter xeral, sumarase:</p> <ul style="list-style-type: none">• O 50% da cualificación obtida na 1ª avaliación• O 50% da cualificación obtida na 2ª avaliación <p>A esta cualificación se lle engadirá un 10 % da cualificación obtida durante o tempo do estado de alarma sempre e cando esta fose superior á media anterior.</p> <p>Alumnado con ACI.</p> <ul style="list-style-type: none">• A avaliación realizarase tendo en conta os apartados da mesma.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>En función do curso e da capacidade de autonomía do alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none">• Teleclase diaria ou con outra temporalización onde se explicarán as actividades, os contidos se comentarán os avances e se resolverán dúbidas do alumnado• Actividades diarias a realizar polo alumnado subidas á AV .• Actividades de máis longo prazo propostas na AV• Actividades propostas desde o Salón, tamén pola AV.
--------------------	--

	<p>As actividades poderán ser específicas de cada materia ou globalizadas. Todas elas permitirán reforzar ou ampliar contidos.</p> <p>O alumnado con ACI realizará actividades específicas de reforzo co apoio persoal posible</p>
Metodoloxía (neste caso todos con conectividade):	<p>Usarase co alumnado os medios telemáticos legalmente dispoñibles: Aula Virtual Moodle do centro Plataforma Ageiro Plataforma de videoconferencia Cisco-Webex.</p> <p>Usarase coas familias, sobre todo para atender ao alumnado máis pequeno do centro, os servizos de Whatsapp, Skipe ou calquera outro que se considere axeitado.</p> <p>PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA NA APRENDIZAXE:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación das tarefas. • Gradación das actividades. • Énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe. • Uso da autoavaliación
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Aula Virtual do centro. • Libros de texto. • Libros do Salón do centro. • Vídeos, audios e outro material complementario facilitado a través da Aula Virtual ou distribuído a través de fotocopias polo persoal presente no centro. • Actividades online enlazadas na Aula Virtual. • Videoconferencias a través de Cisco Webex ou Whatsapp.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Teleclase diaria.</p> <p>Mensaxería, comunicacións e resultados das tarefas a través da AV coa que o alumnado xa está familiarizado.</p>
--	---

	Comunicación ás familias a través do grupo de Whatsapp, que poderá ser conxunta ou individual.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.